

Sumario | nº51 – Novembro 2025




## Benvid@s á EDIUS!



EDIUS

NOVAS

@s nouv@s  
doutorand@s



EDIUS

NOVAS

I Premios  
á Divulgación  
Científica da USC



EDIUS

NOVAS

EDIUS participa en Mallorca  
na XII Conferencia Nacional  
de Director@s de Escolas  
de Doutoramento



OPINIÓN

A formación  
no doutoramento



EDIUS

NOVAS

Actividades de formación  
para todos os programas



EDIUS

NOVAS

O primeiro período de matriculación  
péchase con 2.536 persoas, case un 3%  
máis que o ano anterior



### ENTREVISTA

Paula Requejo,

Doutoranda premiada por un  
traballo sobre a propiedade intelectual  
dos escritos forenses



«O Dereito é algo vivo e a docencia  
e a investigación neste ámbito esixen  
manterse en continua formación»



EDIUS

NOVAS

16 persoas doutorandas da USC optan  
a ser beneficiarias do Programa de  
Doutoramento Industrial da Axencia  
Galega de Innovación



**EDIUS**

**NOVAS**

## **Benvid@s á EDIUS!**

O 24 de outubro  
tivo lugar no  
Centro de Estudos  
Avanzados do  
parque de Vista  
Alegre (Santiago)  
a I Xornada de  
Benvida da EDIUS  
do curso académico  
2025-26

Numerosos doutorandos e doutorandas da USC asistiron, presencial e telematicamente, á explicación pormenorizada que o director da Escola, Pablo Taboada Antelo, e a xefa de Persoal, Carolina López Gómez, fixeron sobre o funcionamento da EDIUS.

A Escola Internacional de Doutoramento da USC organizou esta benvida para o alumnado matriculado no primeiro período. A EDIUS organizará outra xornada deste tipo en marzo de 2026, unha vez finalizado o segundo período de matriculación.

Os representantes da EDIUS explicaron a organización da escola, así como os trámites aos que deberá facer fronte o alumnado de doutoramento ao longo da súa etapa investigadora. Na seguinte ligazón está toda a información que se facilitou. [\*\*Atoparédela dispoñible\*\*](#) para consultar e incluso para descargar en Galego, Castelán e Inglés:

A continuación, resumimos en imaxes a información relativa á ORGANIZACIÓN e aos procesos de ADMISIÓN E MATRÍCULA.



[!\[\]\(e3275251d0893157c3584e20c81dc3ba\_img.jpg\) Ir ao sumario](#)

## 1. Programas de doutoramento

### 4 SECCIÓNS:

- Ciencias e Enxeñarías
- Ciencias da Saúde
- Ciencias Sociais e Xurídicas
- Artes e Humanidades

### 58 PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

que se estruturan nos órganos e figuras seguintes:

- Comisión Académica do Programa (CAPD)
- Coordinador/a e secretario/a
- Persoa titora
- Persoa directora de tese
- Perfil autorizado

## 2. Unidades e trámites

### EDIUS

- Seguimento das persoas doutorandas
  - ✓ Compromiso Documental de Supervisión
  - ✓ Plan de Investigación e Formación
  - ✓ Documento de actividades
  - ✓ Informe avaliación anual
- Teses de doutoramento
  - ✓ Presentación por Secretaría Virtual
  - ✓ Trámites de defensa
- Rexistro de persoas directoras
- Certificados para persoas directoras de tese

[edius@usc.es](mailto:edius@usc.es)

### XESTIÓN ACADÉMICA

- Admisión
- Matrícula
- Altas e baixas
- Cambios de dedicación
- Prórrogas
- Certificacións para persoas doutorandas

[doutoramento@usc.es](mailto:doutoramento@usc.es)

## 3. Correos de contacto

Persoa titora/directora/perfil autorizado

Programa de doutoramento:

Correo de contacto dos Programas de Doutoramento

EDIUS:

- Para cuestións sobre as teses de doutoramento: [edius.teses@usc.es](mailto:edius.teses@usc.es)
- Para cuestións sobre as actividades formativas: [edius.formacion@usc.es](mailto:edius.formacion@usc.es)
- Para cuestións sobre actividade académica e cuestións xerais: [edius@usc.es](mailto:edius@usc.es)

Xestión académica: [doutoramento@usc.es](mailto:doutoramento@usc.es)

Incidencias técnicas na Secretaría Virtual: [cau@usc.es](mailto:cau@usc.es)

## 4. Permanencia nos estudos de doutoramento

### Duración mínima

Tempo completo: **18 meses**

Tempo parcial: **30 meses**

### Duración máxima

- Duración dos estudos de doutoramento

Tempo completo: **4 anos + 1 ano de prórroga**

Tempo parcial: **7 anos + 1 ano de prórroga**

- Persoas con discapacidade superior ao 33 %:

Tempo completo: **6 anos + 1 ano de prórroga**

Tempo parcial: **9 anos + 1 ano de prórroga**

### Dedicación mixta

Rateo axustado aos tempos en cada tipo de dedicación

Tempo total = tempo en dedicación completa + 0,57 x tempo en dedicación parcial

Prórroga = 1 ano, independentemente da dedicación

## 5. Primeiro ano de doutoramento



USC

Obrigacións da persoa doutoranda

## 6. Segundo ano de doutoramento e seguintes



USC

Obrigacións da persoa doutoranda

Opcional persoa doutoranda

## 7. Equivalencia de títulos estranxeiros

### Estudantes estranxeiros

Poderán solicitar a admisión nos estudos de doutoramento os estudantes non-EEES sempre que acrediten un nivel de formación equivalente aos requisitos de acceso especificados para estudantes do EEES.

### Información sobre o recoñecemento

- O recoñecemento da equivalencia dun título estranxeiro para a admisión no doutoramento non implicará en ningún caso a homologación do título previo nin o recoñecemento para outros efectos que os de acceso a estas ensinanzas.
- O estudantado deberá realizar obrigatoriamente a solicitude de equivalencia pero poderá matricularse sen ter a súa resolución. A validez da matrícula quedará condicionada á declaración de equivalencia, unha vez analizada a documentación aportada.
- Nalgúns casos, as embaixadas/consulados solicitan a resolución da equivalencia para a concesión do visado.
- [Solicitude de recoñecemento de estudos para acceder aos programas de doutoramento](#)
- Máis información en: [sa@usc.es](mailto:sa@usc.es) – [doutoramento@usc.es](mailto:doutoramento@usc.es)

## 8. Cambio de dedicación no doutoramento

### Cando?

No período de matrícula (Primeira ou segunda convocatoria)

Cómpre solicitalo cada curso académico, se a razón que o sustenta perdura

**Excepcionalmente** poderá concederse fóra de prazo por causas sobrevidas, mediante solicitude a: [doutoramento@usc.es](mailto:doutoramento@usc.es)



### Como?

A través da Secretaría Virtual, durante o período de matrícula, logo da aprobación da CAPD

### Causas

Laborais, familiares, persoais...

## 9. Baixas

### Baixas temporais

Son tramitadas pola Secretaría Virtual, co informe da CAPD

- Por enfermidade, dependencia, violencia de xénero, etc.
- A petición propia: Período máximo de 2 anos a repartir entre un máximo de 6 solicitudes.



Non se permite actividade académica.

Nos casos de baixa a petición propia é necesario ter o Plan de Investigación e Formación aprobado pola CAPD.

É necesario renovar matrícula e pagar as taxas cada curso aínda que se estea de baixa.

### Baixas definitivas

Reguladas no Artigo 23 do [Regulamento de estudos de doutoramento](#)

**Baixa administrativa:** Non se pode volver a matricular no mesmo PD antes de tres anos, nin no mesmo curso noutro PD.

**Causas:** Non estar matriculado, non presentar PIF, non realizar os complementos de formación, non ter asinado o CDS, a petición propia.

**Baixa académica:** Non se pode volver a matricular no mesmo PD, nin no mesmo curso noutro PD.

**Causas:** Informe anual desfavorable definitivo, rexeitamento definitivo do plan de investigación, non presentar a tese no prazo máximo.



**EDIUS** **NOVAS**

# @S NOV@S DOUTO — — RAND@S

Arranca un novo curso académico e 441 persoas xa se matricularon por primeira vez na Escola Internacional de Doutoramento da USC. Estas son algunhas delas:

**01**

**Por que te decidiches  
a facer unha tese?**

**02**

**Cales son  
as túas expectativas?**



**NOELIA VIGO DÍAZ**


PD: Investigación  
e Desenvolvemento  
de Medicamentos

1. Decidín facer unha tese porque sempre me interesou a investigación e é unha maneira de seguir aprendendo, poñerme a proba e contribuír ao avance científico no ámbito da saúde.
2. Gustaríame aproveitar o doutoramento para medrar como investigadora, aprender doutros profesionais e participar en proxectos que teñan un impacto real. Agardo que esta etapa me axude a abrir camiño no mundo a ciencia.

 **Ir ao sumario**

**01**

**Por que te decidiches  
a facer unha tese?**



**LUÍS  
CARRERA GONZÁLEZ**

PD: Educación

1. Decidín facer a tese para afondar na relación educativa e no acompañamento docente-alumnado. Quero entender como esas relacións inflúen na motivación e nas traxectorias académicas, especialmente en adolescentes en situación de vulnerabilidade, e traducilo en melloras reais. É a continuidade natural do meu TFG/TFM e un xeito de devolver ao sistema educativo o que eu mesmo recibín.
2. Agardo formarme a fondo en métodos mixtos e psicometría, colaborar co GI-Esulca e con centros de Secundaria, e publicar evidencias útiles que orienten prácticas e políticas. Busco facer estadías internacionais, crear rede entre Galicia e EE.UU., e que a investigación teña un impacto transferible: ferramentas e propostas que melloren o benestar e a motivación do alumnado.

**02**

**Cales son  
as túas expectativas?**




**VITORIA  
CANOURA LEIRA**

PD: Marketing Político,  
Actores e Institucións  
nas Sociedades  
Contemporáneas

1. A tese é o último chanzo na miña carreira académica. Fun estudante aos meus 20 pero non rematei os estudos e volví a estudar xa pasados os 30, quedoume a espiña de non telos rematado. Primeiro unha diplomatura, uns anos despois o curso ponte para o grao, logo o mestrado.... todo pouco a pouco e agora, xa cos 50 cumpridos, encaro a tese. Estudar con idade e responsabilidades persoais e profesionais é todo un reto, pero quero seguir formándome e aprendendo na miña área de coñecemento.
2. Como digo, seguir aprendendo e alimentando a miña curiosidade. É certo que, aínda que vaia con retraso “notable”, aspiro a ter unha carreira académica na universidade. A curiosidade sempre por diante.

**01**

**Por que te decidiches  
a facer unha tese?**




**FERNANDO  
GONZÁLEZ BAO**

PD: Equidade e  
Innovación en Educación

1. Decidinme a facer a tese porque para a miña profesión, a docencia, creo que é importante ser capaz de realizar investigación de forma sistemática e rigurosa para poder mellorar eu de maneira profesional e axudar así a mellorar a comunidade no seu conxunto.
2. As miñas expectativas son que a tese me permita adoptar unha forma de traballo sistemática e rigorosa para-coa investigación no meu campo, e que sexa unha primeira aportación significativa (a lo menos un pouquiño!) á comunidade educativa.

**02**

**Cales son  
as túas expectativas?**



**PATRICIA  
RODRÍGUEZ DAFONTE**

PD: Estudos Ingleses  
Avanzados: Lingüística,  
Literatura e Cultura

1. Sempre tiven en mente facer o doutoramento, pero ata fai pouco non contaba cunha temática e perspectiva específica para a miña tese. Despois duns anos traballando como profesora de Inglés deime conta de que a oralidade segue a estar nun segundo plano na aula. Isto vese reflectido en certas carencias do alumnado, as cales me axudaron a tomar a decisión de afondar no proceso de adquisición da lingua estranxeira e especialmente da súa fonoloxía.
2. Ao remate da miña tese espero que as súas conclusións fagan considerar un novo camiño na ensinanza da fonoloxía do inglés tendo en conta as necesidades específicas do alumnado galegofalante. En consecuencia, gustaríame que fose un punto de partida para a creación de novos materiais e o uso de novas metodoloxías para a adquisición deses fonemas que dificultan a comunicación, como tamén que alente a investigación doutros aspectos lingüísticos de difícil adquisición para os e as galegofalantes.

**EDIUS** **NOVAS**

## A EDIUS participa en Mallorca na XII Conferencia Nacional de Director@s de Escolas de Doutoramento



A Universitat de les Illes Balears acolleu os días 23 e 24 de outubro a XIII Conferencia Nacional de Directoras e Directores de Escolas de Doutoramento (CDED), xunto coa Asemblea Ordinaria da CDED.

Este encontro, iniciado en 2013, reúne anualmente ás escolas de universidades públicas e privadas de toda España para compartir experiencias e boas prácticas na xestión do doutoramento. O seu espírito baséase na colaboración e a solidariedade, co obxectivo de avanzar cara á excelencia e á harmonización dos estudos de terceiro ciclo no ámbito nacional e europeo. A cita na UIB combinou sesións científicas e técnicas con actividades culturais en Mallorca.

Nesta 13 edición, tratáronse temas de grande relevancia como a integridade científica; o papel da intelixencia artificial no doutoramento e na investigación; a divulgación, transferencia e internacionalización nesta etapa; a avaliación das teses; e as publicacións en revistas sen rigor científico, entre outros.

Asistiron por parte da EDIUS o seu director, Pablo Taboada Antelo, e a xefa de Persoal, Carolina López Gómez.

[Ir ao sumario](#)



**Carmela Sánchez  
Carreira**

Coord. de Actividades  
de Formación  
en Investigación

**OPINIÓN**

## A formación no doutoramento

Os estudos de doutoramento consisten nunha formación académica avanzada para realizar unha contribución ao coñecemento nun campo específico a través da investigación que se presenta na tese de doutoramento.

Aínda que a tese constitúe o centro, cabe salientar que o doutoramento implica un proceso de aprendizaxe e desenvolvemento de capacidades para a realización de investigacións. Nese sentido, a EDIUS vén ofrecendo dende hai máis dun lustro unha formación ampla e diversa, con máis de 50 cursos e 500 horas de formación un ao longo dun curso académico. Ademais de seminarios específicos para cada área de coñecemento sobre temáticas concretas e formación nalgúns metodoloxías específicas, a oferta aborda competencias transversais. Dita oferta organízase en distintos módulos que abranguen as competencias en información e recursos; análise de datos e modelización; tratamento e modelización da información territorial; investigación,

innovación e transferencia; comunicación, divulgación e xestión do tempo; ou de xénero, ética e igualdade.

A oferta tende a manterse estable, considerando a demanda de cada actividade e a satisfacción do estudantado a través da enquisa de satisfacción. Por iso é importante que se participe cubrindo as enquisas. Cada curso intentamos incorporar algún curso novo adaptado ás necesidades e retos actuais, como pode ser a intelixencia artificial, a ciberseguridade, as metodoloxías cualitativas ou a prevención de riscos no laboratorio. Tamén somos receptivos ás propostas que chegan do estudantado ou dos programas de doutoramento.

É importante que cada estudante planifique ben a súa formación, tendo en conta que o centro é a tese e as actividades facilitan a adquisición de competencias necesarias para o desenvolvemento da tese. Hai que ter en conta os requisitos de formación que esixe cada programa de doutoramento e consultar coas persoas que dirixen a

tese que actividades son interesantes e mesmo en que curso académico realizar os diversos cursos.

A formación que proporciona a EDIUS está **dispoñible na web de formación**. É importante ler a información sobre cada actividade, idioma e modalidade na que se imparte e os seus requisitos (dende coñecementos previos ata tarefas a realizar no curso).

Tamén solicitamos responsabilidade coa formación: seleccionar un número razoable de actividades nun curso académico e que se non se pode asistir a unha actividade se avise coa maior antelación posible, para que outra persoa poida aproveitar esa praza.

As persoas que superan unha actividade formativa porque asistan como mínimo ao 80% da actividade e realicen a tarefa/s requirida/s obterán un certificado de superación da actividade. Dito certificado será emitido ao correo institucional (@rai.usc.es) unha vez finalizado o curso e realizados todos os trámites académicos e administrativos necesarios (corrección das tarefas, cobertura das actas, sinatura do director da EDIUS) o que require un tempo considerable.

As actividades formativas ademais de facilitar a adquisición de competencias útiles para o desenvolvemento da tese, así como académico, profesional e persoal, permite a interacción con outros doutorandos e doutorandas, compartindo experiencias.

## Formación

EDIUS

NOVAS

## O primeiro período de matriculación péchase con 2.536 persoas, case un 3% máis que o ano anterior

O pasado outubro finalizou o prazo de matriculación tanto para o alumnado que inicia este curso o seu doutoramento como para aqueles que continúan. Tamén rematou xa o prazo da matrícula anticipada, unha convocatoria só dispoñible para o alumnado procedente de sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) que posúa un título homologado a un título universitario oficial español ou a outro expedido por unha institución de educación superior pertencente a outro estado membro do EEES ou un título declarado equivalente polo Ministerio de Educación, e que faculte en

ambos casos para o acceso a estudos de doutoramento.

En total, están cursando o doutoramento na USC 2.536 persoas, 441 das cales se matricularon este ano por primeira vez. Con respecto ao curso anterior, a cifra aumentou lixeiramente (69 persoas máis), xa que no primeiro período do 2024-2025 a matrícula foi de 2.467 doutorandos/as, dos cales 443 o facían por primeira vez (2 máis que este curso).

O número total completárase a principios de 2026 cando se realicen as matriculacións do segundo período. Estes son os prazos:

|                                   |                                               |                              |
|-----------------------------------|-----------------------------------------------|------------------------------|
| Primeiro período de matriculación | Solicitud de admisión 2º período              | 30 xaneiro – 5 febreiro 2026 |
|                                   | Publicación relacións provisionais 2º período | 13 febreiro 2026             |
|                                   | Publicación relacións provisionais 2º período | 14 febreiro 2025             |
|                                   | Reclamación relacións provisionais 2º período | 14 – 17 febreiro 2026        |
|                                   | Publicación relacións definitivas 2º período  | 24 febreiro 2026             |
|                                   | 2º período de matrícula                       | 25 – 27 febreiro 2026        |

[↩ Ir ao sumario](#)

Para este segundo período de matrícula quedarán dispoñibles arredor de medio cento de prazas na maioría dos programas de doutoramento. Sen embargo, esta cifra pode variar ao tratarse de datos provisionais xa que existe a posibilidade aínda de anular a matrícula ou de botar man da lista de agarda. As prazas vacantes definitivas publicaranse, de todos os xeitos, antes da convocatoria do segundo período de matriculación.

| Programa de Doutoramento                            | 1ª mat. 25/26 | Total ordinaria | Programa de Doutoramento                                      | 1ª mat. 25/26 | Total ordinaria |
|-----------------------------------------------------|---------------|-----------------|---------------------------------------------------------------|---------------|-----------------|
| Agricultura e Medio Ambiente para o Desenvolvemento | 3             | 37              | Didáctica das Ciencias Experimentais                          | 2             | 5               |
| Análise Económica e Estratexia Empresarial          | 9             | 36              | Economía e Empresa                                            | 12            | 92              |
| Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses    | 4             | 27              | Educación                                                     | 17            | 93              |
| Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria        | 4             | 27              | Endocrinoloxía                                                | 7             | 46              |
| Biodiversidade e Conservación do Medio Natural      | -             | 15              | Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética             | 5             | 15              |
| Ciencia de Materiais                                | 10            | 59              | Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil                | 5             | 27              |
| Ciencia e Tecnoloxía Química                        | 12            | 109             | Enxeñaría Química e Ambiental                                 | 3             | 50              |
| Ciencias Agrícolas e Medioambientais                | -             | 12              | Enxeñaría Termodinámica de Fluídos                            | -             | 2               |
| Ciencias da Visión                                  | 2             | 12              | Epidemioloxía e Saúde Pública                                 | 7             | 52              |
| CC. Mariñas, Tecnoloxía e Xestión                   | -             | 13              | Equidade e Innovación en Educación                            | 9             | 47              |
| Ciencias Odontolóxicas                              | 5             | 61              | Estatística e Investigación Operativa                         | -             | 7               |
| CC.SS e Envellecemento                              | 4             | 8               | Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe | 11            | 51              |
| Comunicación e Información Contemporánea            | 9             | 42              | Estudos da Literatura e a Cultura                             | 15            | 68              |
| Dereito                                             | 15            | 64              | Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura | 10            | 30              |
| Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde    | 4             | 27              | Estudos Medievais                                             | 6             | 36              |
| Desenvolvemento Rexional e Integración Económica    | 9             | 47              | Filosofía                                                     | 8             | 45              |
|                                                     |               |                 | Física Nuclear e de Partículas                                | 7             | 59              |

| Programa de Doutoramento                                                 | 1ª mat. 25/26 | Total ordinaria | Programa de Doutoramento                                                              | 1ª mat. 25/26 | Total ordinaria |
|--------------------------------------------------------------------------|---------------|-----------------|---------------------------------------------------------------------------------------|---------------|-----------------|
| Historia Contemporánea                                                   | 7             | 40              | Medicina e Sanidade Veterinaria                                                       | 6             | 37              |
| Historia, Xeografía e Historia Arte                                      | 19            | 130             | Medicina Molecular                                                                    | 16            | 162             |
| Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias                      | 10            | 40              | Medio Ambiente e Recursos Naturais                                                    | 3             | 24              |
| Investigación Agraria e Forestal                                         | 17            | 46              | Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas           | -             | 11              |
| Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias                 | 5             | 34              | Neurociencia e Psicoloxía Clínica                                                     | 9             | 63              |
| Investigación Clínica en Medicina                                        | 44            | 190             | Procesos Psicológicos e Comportamento Social                                          | 1             | 12              |
| Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos                          | 24            | 101             | Protección do Patrimonio Cultural                                                     | 2             | 13              |
| Investigación en Tecnoloxías da Información                              | 19            | 83              | Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario | 5             | 27              |
| Láser, Fotónica e Visión                                                 | -             | 7               | Relacións Laborais e RR.HH                                                            | 2             | 12              |
| Lingüística                                                              | 9             | 35              | Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia                                     | 2             | 12              |
| Lóxica e Filosofía da Ciencia                                            | 1             | 10              | Turismo                                                                               | 4             | 29              |
| Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas | 14            | 58              | Xestión Sustentable da Terra e do Territorio                                          | -             | 6               |
| Matemáticas                                                              | 7             | 28              | <b>TOTAL</b>                                                                          |               | <b>2.536</b>    |
| Matemáticas e Aplicacións                                                | 1             | 5               |                                                                                       |               |                 |



Fonte: sitio web da EDIUS

EDIUS

NOVAS

## A universidade pon en marcha os I Premios á Divulgación Científica da USC

Xa está en marcha a primeira edición dos premios á divulgación científica da USC

A **convocatoria** busca recoñecer e recompensar o traballo da comunidade universitaria dos campus de Santiago e Lugo e que contribúe a achegar o coñecemento científico e tecnolóxico á sociedade; así como fomentar a cultura científica entre a cidadanía, promovendo o interese social pola ciencia e a súa comprensión crítica. O prazo para formalizar as candidaturas esténdese ata o 7 de novembro a través dun **[formulario en liña](#)**.

Os premios constan de dúas modalidades. Por unha banda, haberá un recoñecemento á traxectoria divulgadora que distinguirá a dedicación e a excelencia continuas no traballo de divulgación dunha persoa que teña contribuído, de xeito destacado, a achegar a ciencia á sociedade. O obxectivo principal é destacar unha

traxectoria sólida caracterizada polo rigor e a calidade na comunicación de contidos científicos, pola diversidade de medios e formatos empregados ao longo do tempo, polo impacto social e educativo das súas actividades de divulgación e pola influencia positiva na percepción pública da ciencia e na formación de novas xeracións de persoas dedicadas á educación científica. Doutra banda, a modalidade centrada nas novas audiencias está deseñada para recoñecer proxectos ou iniciativas que empregan de forma creativa e eficaz as novas plataformas dixitais e os formatos emerxentes para comunicar a ciencia e atraer novos públicos. Os premios á divulgación científica da USC teñen unha dotación económica de 2.500 euros por cada modalidade.

Máis información **[na seguinte ligazón](#)**.

 **Ir ao sumario**



**ENTREVISTA**



**Paula Requejo**

XIII Premio  
á Excelencia  
Cátedra Fundación  
Mutualidade

A doutoranda Paula Refojo, premiada por un traballo sobre a propiedade intelectual dos escritos forenses

## «O Dereito é algo vivo e a docencia e a investigación neste ámbito esixen manterse en continúa formación»

A investigadora da área de Dereito Mercantil Paula Refojo Otero acadou o primeiro posto nos XIII Premios á Excelencia Cátedra Fundación Mutualidade polo seu traballo “A problemática da propiedade intelectual sobre os escritos e informes elaborados polos avogados”. O tema do seu estudo resulta de especial interese para os profesionais da avogacía e trátase dunha materia que, malia a súa transcendencia e actualidade, non ten sido obxecto dun tratamento doutrinal e xurisprudencial exhaustivo. O acto público de entrega do premio tivo lugar en Madrid o pasado 29 de outubro.

No traballo premiado estudáronse as principais cuestións que suscitan os escritos forenses dende o punto de vista da propiedade intelectual, especialmente en relación co nacemento da protección e as implicacións da utilización dos sistemas de intelixencia artificial, a autoría da obra, así como a titularidade e o alcance dos dereitos que xorden da propiedade intelectual.

Paula Refojo Otero é graduada en Dereito pola USC, con premio fin de carreira concedido pola Xunta de Galicia, e Mestrado Universitario en Avogacía e Procuradoría. Na actualidade, atópase elaborando a súa tese de doutoramento baixo a dirección dos profesores Ángel García Vidal e María del Mar Maroño Gargallo.

### **Que significa para ti este premio?**

Para min é unha honra que o traballo xurídico presentado resultase premiado. Agradezo moito a valoración positiva efectuada polos membros do xurado ao consideralo merecedor deste galardón, que me alenta a esforzarme por mellorar día a día e continuar formándome no ámbito xurídico. Neste sentido, animo ao estudantado a participar, sempre que teñan

a oportunidade, en certames coma este. Ademais da recompensa que poden acadar, a elaboración dun traballo destas características ou semellantes permite indagar en temas de grande relevancia práctica nos que, se cabe, non tivemos a oportunidade de afondar durante a nosa formación universitaria de grao, mestrado, etc. Do mesmo xeito, tamén permite poñer en práctica habilidades complementarias a esta última, tales como a busca de información, a capacidade de síntese e argumentación ou o pensamento crítico.

### **Por que te decidiches a afondar sobre a propiedade intelectual dos escritos forenses?**

Este tema pareceume interesante porque, pese á súa transcendencia, non foi obxecto dun tratamento doutrinal e xurisprudencial exhaustivo. Ademais, esta materia constitúe un punto de encontro entre os aspectos prácticos do exercicio da avogacía e a propiedade intelectual. Esta última forma parte do ámbito no que estou a desenvolver a tese.

### **Cal é o motivo polo que este tema está a ter agora tanta transcendencia?**

A transcendencia actual da propiedade intelectual sobre os escritos e informes elaborados polos avogados resulta de varios factores. Por unha parte, malia ser unha cuestión que non foi obxecto dun tratamento xurisprudencial exhaustivo, motivou, recentemente, o pronunciamento da Audiencia Provincial de Valencia no mes de xaneiro do ano 2024 e, con anterioridade, da Audiencia Provincial de Salamanca no mes de marzo do ano 2017. Pola outra, as profesións de índole xurídica e, en particular, a avogacía, non permanecen á marxe da utilización dos modelos de Intelixencia Artificial xenerativa. Neste sentido, o emprego destes últimos na elaboración de escritos ou na preparación de informes forenses por parte dos profesionais da avogacía pode ter importantes consecuencias na protección destas creacións a través da normativa en materia de propiedade intelectual.

### **Na actualidade estás co doutoramento. Sobre que estás a investigar?**


A tese aborda a relación entre o desenvolvemento sostible e a economía circular, por unha parte, e os dereitos de propiedade industrial e intelectual, pola outra. Ademais, a elaboración da tese de doutoramento irá acompañada da realización doutro tipo de actividades encamiñadas á miña formación como investigadora e profesora universitaria. A modo de exemplo, os días 27 e 28 de outubro asistín e participei no “V Congreso Internacional Carlos Fernández-Nóvoa. Novas tendencias no dereito da competencia e da propiedade industrial e intelectual”.

### **Comezaches coa tese porque...**

Supón a oportunidade de continuar formándome no ámbito xurídico, e, en particular, nunha área de especial interese para min como é o Dereito Mercantil e, dentro desta, a propiedade industrial e intelectual. Comezo esta nova etapa formativa tras ter cursado o grao en Dereito e o mestrado universitario en Avogacía e Procuradoría. Este último permitíume coñecer a aplicación do Dereito dende unha perspectiva práctica, en relación coa labor que desempeñan os profesionais da avogacía e da procuradoría, así como os órganos xurisdicionais e as administracións públicas. Neste sentido, os estudos de doutoramento representan o espazo idóneo para a investigación, dende o punto de vista das disposicións normativas, a súa razón de ser, as problemáticas que suscitan en relación coa realidade que disciplinan e mesmo a achega de posibles solucións.

### **Tes xa claro o que vas facer despois?**

Unha vez remate a tese de doutoramento, gustaríame continuar avanzando na carreira universitaria. Ser profesora universitaria implica participar de forma activa na formación dos futuros profesionais. O Dereito é algo vivo, e a docencia e a investigación neste ámbito esixen manterse en continua formación para adaptarse ás modificacións normativas que teñen lugar co paso do tempo; contribuíndo ao desenvolvemento persoal e profesional de quen as desempeña.



EDIUS NOVAS


## 16 persoas doutorandas da USC optan a ser beneficiarias do Programa de Doutoramento Industrial da Axencia Galega de Innovación



A Axencia Galega de Innovación (GAIN) publicou xa a listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas do programa de Doutoramento Industrial. Este programa financia o desenvolvemento dunha tese de doutoramento na contorna empresarial, para proxectos de investigación que impliquen unha colaboración efectiva entre unha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía (solicitante), e unha universidade do Sistema Galego Universitario (SUG) por un periodo máximo de 4 anos.

Deste proxecto beneficiaranse 15 teses de doutoramento na contorna empresarial, 12 realizadas en empresas e 3 en centros de innovación e tecnoloxía. Na relación definitiva, que podedes consultar premendo [nesta ligazón](#), aparecen as 33 solicitudes admitidas e as 2 excluídas das tres universidades galegas. Das admitidas, 16 pertencen a doutorandos/as da USC, 15 á Universidade de Vigo e 5 á Universidade da Coruña.

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a Presidencia da Axencia Galega de Innovación. Unha vez finalizado este proceso, farase pública a listaxe definitiva de beneficiarios do programa.



## Formación

EDIUS

NOVAS

# Actividades de formación para todos os programas

As actividades formativas dentro dos estudos de doutoramento, tanto de carácter transversal como de carácter específico para cada programa de doutoramento, teñen por finalidade ofrecer aos doutorandos e doutorandas unha formación complementaria á súa actividade investigadora, de xeito que o alumnado fortaleza competencias e habilidades tales como a comprensión das metodoloxías e técnicas de investigación, os procesos de documentación científica, técnicas e métodos de comunicación científica e mais a redacción de traballos de investigación.

Cada curso, a EDIUS intenta incorporar algunha actividade nova adaptada ás necesidades e retos actuais, como pode ser a intelixencia artificial, a ciberseguridade, as metodoloxías cualitativas, a prevención de riscos no laboratorio ou aspectos formais necesarios para o depósito da tese.

Estas actividades formativas:

- Destínanse exclusivamente aos estudantes de doutoramento.
- Como norma xeral, a participación do alumnado de doutoramento será voluntaria.
- Poderán ser de carácter presencial, semipresencial ou a distancia.
- O alumnado que participou con aproveitamento nunha actividade formativa terá dereito á expedición dun diploma sempre que conste na acta correspondente.

Estas actividades teñen un dobre obxectivo: proporcionar competencias aos doutorandos e doutorandas, tal e como se establece no RD 99/2011 polo que se regulan os estudos de doutoramento, e cumprir as accións de mellora propostas pola USC dentro do selo europeo de calidade HRS4R.

Os doutorandos e doutorandas poderán coñecer de antemán todo o catálogo de cursos previstos na [páxina web da EDIUS](#), no apartado de [Formación](#). Nesta lapela, os cursos aparecen divididos en varios grupos: Transversais; Ciencias

## | Formación

e Enxeñarías; Artes e Humanidades; Ciencias Sociais e Xurídicas; Ciencias da Saúde; e Profesorado. Todas as dúbidas sobre formación poden ser consultadas a través do correo electrónico [edius.formacion@usc.es](mailto:edius.formacion@usc.es)

A inscrición destes cursos é *online* a través da Secretaría Virtual. Podes planificar o teu tempo e a túa formación consultando desde xa a nosa web. Aínda que o listado xeral de actividades publícase ao comezo do curso, periodicamente, os doutorandos/as recibirán por correo electrónico un boletín con información actualizada. Aí tamén se comunicarán tanto os cambios que se

poidan producir nas actividades xa programadas coma as novas propostas formativas que vaian xurdindo ao longo do curso. Toda esta información tamén a podedes atopar no perfil de [LinkedIn](#).

O lugar onde se desenvolve a actividade está sempre indicado na ficha do curso. A maioría das actividades desenvólvense no Centro de Formación EDIUS, no Campus Norte de Santiago, así como no Campus de Lugo.


A continuación deixámosvos algunha das actividades de formación que xa están pechadas para este curso académico 2025-2026.

| Actividade                                                                                                             | Datas                                                                                         | Horas |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-------|
| IV Xornadas de Cultura Laboral na Investigación (J-CLI) (Presencial)                                                   | 22 e 23 de outubro de 2025                                                                    | 10    |
| Seminario de Futuros Urbanos (Presencial)                                                                              | Dende o 23 de outubro ao 18 de decembro de 2025                                               | 10    |
| Investigación e innovación responsable. Implicacións no marco da sostibilidade e a cooperación internacional (En liña) | Dende o 3 ao 14 de novembro de 2025                                                           | 12    |
| Competencias en información para a investigación. Nivel experto 1ª ED (Online e 2 sesións presenciais obrigatorias)    | do 03 de novembro ao 05 de decembro de 2025                                                   |       |
| Cómo transferir a miña tese á sociedade? (En liña)                                                                     | 4, 11, 18 e 25 de novembro                                                                    | 12    |
| Horizontes profesionais e carreiras con impacto: oportunidades máis alá do doutoramento                                | 12 de novembro de 2025                                                                        | 3     |
